

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATAÇÃO DO MANTEMENTO DA REDE DE ALUMEADO PÚBLICO E DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS MUNICIPAIS.

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato será a realización do servizo de mantemento da rede de alumeado público municipal, das instalacións eléctricas dos edificios e dependencias municipais, e das instalacións eléctricas para festas que se realicen no municipio e os materiais necesarios para levar a cabo o dito mantemento, sendo a súa finalidade primordial a consecución do bo funcionamento, conservación e mantemento das citadas instalacións, así como, o cumprimento da normativa de aplicación vixente, de tal maneira que as instalacións ofrezan as condicións técnicas e garantías esixidas, preservando a seguridade das persoas e bens, asegurando a fiabilidade, calidade e eficiencia económica das mesmas, cuxa codificación é CPV CLASIFICACIÓN CPV: 50232000; 50232100; 50232110.

O contrato definido ten a cualificación de contrato mixto de servizos e subministro e, seguindo o disposto no artigo 12 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 14 de novembro, aplicaráselle as determinacións dos contratos de servizos, por ser o que mais importancia ten dende o punto de vista económico.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de mantemento da rede de alumeado público municipal, das instalacións eléctricas dos edificios e dependencias municipais, das instalacións eléctricas para festas que se realicen no municipio e os materiais necesarios para levar a cabo o dito mantemento, será o **procedemento aberto**, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a un só criterio de adxudicación, que de conformidade co artigo 150.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, deberá ser necesariamente o do prezo máis baixo.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.corcubion.gal

CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

O importe do presente contrato ascende a contía de 14.000 € anuais; o prezo certo queda desglosado nun valor estimado de 11.570,25 €/ano e no IVE do 21% 2.429,75 €/ano.

Este importe inclúe tanto o importe do mantemento (ata un máximo de 9.000 € (7.438,02 €/ano + 1.561,98 IVE), como a estimación dos materiais necesarios para levar a cabo o dito mantemento (ata un máximo de 5.000 € (4.132,23€/ano + 867,77 IVE), non admitíndose aquelas ofertas que superen este importe máximo.

O importe aboarase con cargo as partidas 165.21000 e 165.22199 do vixente orzamento municipal; existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo concello.

O sistema de determinación do prezo fixouse a prezo alzado, de conformidade co disposto no artigo 302 do TRLCSP.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato

A duración do contrato de servizos será de UN ANO, se ben poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da finalización do contrato, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prorrogas, non exceda de dous anos.

Dado que o contrato ten carácter plurianual, a autorización e o compromiso do gasto subordinarase ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CLÁUSULA SEXTA. Pagamentos

O importe de adxudicación relativo ao mantemento será satisfeito ao contratista, por meses vencidos, con cargo aos créditos previstos no Orzamento da Corporación, previa presentación da correspondente factura, que deberá describir os servizos realizados, e contar coa conformidade do responsable municipal. O orzamento de licitación relativo ao mantemento, fraccionarase, polo tanto, en 12 mensualidades, por cada ano, ao obxecto de presentación da factura mensual.

Polo que se refire aos materiais empregados nos traballos indicados, deberán ser obxecto de factura independente, á que se acompañará, asemade, informe no que se identificarán os materiais empregados, con referencia á actuación realizada.

As facturas deberán incluír, sen prexuízo do contido mínimo establecido no Real Decreto 1619/2012, os seguintes datos:

- Código de oficina contable: LO1150281 Ayuntamiento de Corcubión.

- Código do órgano xestor: LO1150281 Ayuntamiento de Corcubión.
- Código da unidade de tramitación: LO 1150281 Ayuntamiento de Corcubión.

CLÁUSULA SÉPTIMA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da **non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar** do artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**

3.1 A **solvencia económica e financeira** do empresario deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de servizos, a **solvencia técnica ou profesional** dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que deberá acreditarse, por un ou varios dos medios seguintes:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, que inclúa importe, datas e destinatario, publico ou privado dos mesmos. Os servizos e traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación por autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome de este, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que esté establecido o empresario, sempre que medie acordo de dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.

g) Declaración da plantilla media anual da empresa e da importancia do seu persoal directivo durante os últimos tres anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, aos que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

CLÁUSULA OITAVA. Clasificación do contratista

Para os contratos de servizos non será esixible clasificación do empresario. No entanto, a clasificación do empresario no Grupo: P Subgrupo: 1 permitiralle acreditar a súa solvencia para este contrato de servizos.

CLÁUSULA NOVENA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa.

As ofertas presentaranse no Concello, praza José Carrera, 1, en horario de atención ao público, dentro do prazo de QUINCE DÍAS días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* e no Perfil de contratante

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibiu a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na Disposición Adicional Décimo Sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «*Proposición para licitar á contratación do servizo de mantemento da rede de alumeado público municipal, das instalacións eléctricas dos edificios e dependencias municipais, e das instalacións eléctricas para festas que se realicen no municipio* ». A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»:** Documentación Administrativa.
- **Sobre «B»:** Proposición Económica.
- **Sobre «C»:** Documentación cuxa Ponderación Depende dun Xuízo de Valor.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos:

SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

De conformidade co previsto no artigo 146.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público, e ao tratarse dun contrato de servizos con valor estimado inferior a 90.000 € a achega inicial da documentación recollida no apartado un do mesmo artigo, substitúese pola achega dunha declaración responsable indicando que o licitador cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e que se presentará conforme ao seguinte modelo:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con NIF n.º _____, en representación da Entidade _____, con NIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación _____, ante _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar a contratación do servizo de mantemento da rede de alumeado público municipal, das instalacións eléctricas dos edificios e dependencias municipais, e das instalacións eléctricas para festas que se realicen no municipio de Corcubión.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de servizos consistente no mantemento da rede de

alumeado público municipal, das instalacións eléctricas dos edificios e dependencias municipais, e das instalacións eléctricas para festas que se realicen no municipio de Corcubión e os materiais necesarios para levar a cabo o dito mantemento, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que, se é o caso, está debidamente clasificada a empresa ou que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,

Asdo.: _____»

En todo caso, o órgano de contratación, en orden a garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

SOBRE «B» PROPOSICIÓN ECONÓMICA

— **Proposición económica.**

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º ____, con NIF n.º _____, en representación da Entidade _____, con NIF n.º _____, decatado do expediente para a contratación do servizo de _____ por procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, anunciado no *Boletín Oficial da Provincia* n.º ____, de data _____, de data _____, e no Perfil de contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de:

- Mantemento: _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.
- Material: _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____».

SOBRE «C» DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVÉS DE XUÍZOS DE VALOR

Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor.

CLÁUSULA DÉCIMA. Garantía Provisional e Definitiva

Ao abeiro do disposto no artigo 103 do TRLCSP, non resulta esixible a prestación de garantía provisional.

O licitador que formule a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía de un 5 % do importe de adxudicación (non se inclúe a prorroga), en calquera das formas establecidas no artigo 96 do TRLCSP.

A devolución e cancelación das garantías efectuaranse de conformidade co disposto no artigo 102 do TRLCSP.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Criterios de Adxudicación

Estarase ao disposto nos pregos de prescricións técnicas do contrato.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, **polo menos catro vogais**, entre os cales estará o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma.

A composición da Mesa de contratación, de conformidade co indicado anteriormente, será:

- Presidente: -O Alcalde da corporación.
- Vogais: -A Secretaria-interventora municipal.
-Un concelleiro da corporación.
-Un concelleiro da corporación.
- O arquitecto asesor deste concello.

- Secretario: Un funcionario do concello.

A composición da Mesa publicarase no Perfil de Contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do TRLCSP.

CLÁUSULA DECIMOTERCEIRA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezan o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso, darase audiencia ó contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA DÉCIMOCUARTA. Apertura de Proposicións e Adxudicación

A Mesa de Contratación constituirase no prazo máximo de un mes tras o remate do prazo de presentación das proposicións, e procederá, **en sesión non pública, a apertura**

do Sobre «A» e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións corrixibles observados na documentación presentada.

En todo caso, non se procederá á apertura das proposicións presentadas ata que a Mesa decida sobre as que fosen admitidas, unha vez transcorrido, de terse requirido, o prazo para a subsanación da documentación.

Do actuado deixarase constancia expresa na acta que ó efecto deberá levantarse, e na que, así mesmo, se fará pronunciamento explícito sobre os empresarios admitidos á licitación, os rexeitados e as causas da exclusión.

Posteriormente, nun prazo non superior a sete días, **en sesión pública a Mesa de Contratación procederá á apertura e exame do sobre «C»**, que conteñen os criterios cuxa ponderación dependen dun xuízo de valor.

Tras a lectura de ditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas de acordo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

A continuación a Mesa de Contratación constituirase para proceder á apertura do **sobre «B», proposta económica, en acto público, así como para dar a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor.**

A Mesa de Contratación emitirá proposta de adxudicación que se elevará ao órgano de contratación. A proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

Unha vez formulada a proposta de adxudicación, o órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa **do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.**

Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das comunidades autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que se atopen inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do Real

Decreto legislativo 3/2011 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia destes.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 49.2.d) e 50.2.e) da Lei 34/2010.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

CLÁUSULA DÉCIMOQUINTA. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

Cando a mesa de contratación entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto para o efecto no artigo 152.3 do TRLCSP, e á vista do seu resultado propondrá ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da oferta de que se trate.

Considerarase, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se encontren nos seguintes supostos:

Ao tratarse dunha adxudicación con mais dun criterio de valoración, sempre que o prezo ofertado sexa inferior ao 10% da media total dos ofertados. Se só existise unha oferta presentada, considerarase anormal ou desproporcionada aquela inferior a un 25% do prezo tipo de licitación.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

- 1º.- Axeitada xustificación dos prezos ofertados.
- 2º.- Volume de actividade xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.
- 3º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

CLÁUSULA DECIMOSEXTA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DECIMOSÉPTIMA. Execución do contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación, que se reserva o dereito de supervisión e inspección.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

No caso de incumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá impoñerlle ao adxudicatario as penalidades establecidas no artigo 212.4 do TRLCSP.

Estas penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación que será inmediatamente executivo, e se farán efectivas mediante a dedución das cantidades que en concepto de pago total ou parcial deban aboarse ó contratista. En todo caso, a garantía constituída responderá da efectividade de aquelas.

A imposición de penalidades non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a administración por danos e prexuízos ocasionados polo contratista.

En caso de incumprimento do contrato os prazos establecidos no mesmo por causas imputables ao adxudicatario, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por declarar resolto o contrato, con perda da garantía, ou por impoñer ao adxudicatario as penalidades que, de conformidade co establecido no artigo 212 da Lei será de 0,20 € por cada 1.000 € do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades de demora alcancen un múltiplo do 5 % do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder a resolución do contrato, ou acordar a súa continuidade con imposición de novas penalidades.

En ningún caso, as penalidades por demora poderán exceder do 10 % do orzamento do contrato.

Os importes das penalidades faranse efectivos mediante a dedución dos mesmos da facturación que se produza, e/ou sobre a garantía que no seu caso se constituirá.

CLÁUSULA DECIMO OITAVA. Deberes específicos do contratista

A empresa contratista estará obrigada a realizar un inventario detallado de todas as instalacións eléctricas municipais sobre as que recaeran os deberes de conservación, reparación e mantemento que constitúen o obxecto do contrato. Este inventario comprenderá todas as especificacións determinadas no prego de prescricións técnicas.

Unha copia do citado inventario será entregada no concello no prazo máximo de un mes, a contar dende a sinatura do contrato.

A empresa contratista estará obrigada a levar un control das reparacións e avarías que se produzan en cada unha das instalacións; e deberá remitir mensualmente os partes dos traballos realizados que deberán comprender todas as especificacións contempladas nos pregos de prescricións técnicas.

O contratista estará obrigado a dispoñer nos seus almacéns dun acopio de materiais e ferramentas suficientes para poder atender e reparar no prazo de tempo mais breve posible calquera avaría ou accidente que se poida producir. O responsable do contrato, o no seu defecto, o órgano de contratación poderá pedir en calquera momento a relación dos acopios existentes.

O contratista estará obrigado a prestar o seu servizo respecto das novas instalacións eléctricas e do alumeadado público que depende do Concello, que unha vez inspeccionadas, pasaran a formar parte do obxecto do contrato.

O contratista queda obrigado a achegar e empregar para a execución do contrato todos os medios persoais e materiais que comprometera na súa oferta. Ditos medios terán a consideración de mínimos, e deberán aumentarse se fora necesario para a correcta prestación do servizo.

Será deber da empresa contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou polo persoal ou medios dependentes do mesmo, a Administración ou a terceiros, como consecuencia das operacións que requiran a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa de unha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados na leis.

O contratista responde igualmente das consecuencias que se orixinen tanto para a Administración como para terceiros, por omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato, de acordo co establecido no artigo 305 do TRLCSP.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adjudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregador respecto de estes, sendo a Administración contratante allea as referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin esixirse a esta responsabilidade de calquera clase, como consecuencia dos deberes existentes entre o adjudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despidos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O contratista comprometése a retribuír adecuadamente ao seu persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable a Administración contratante o

custe de calquera mellora nas condicións de traballo ou retribucións, xa sexa como consecuencia de convenio colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de sorte que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo servizo.

O contratista queda obrigado, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social, e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento. No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido os traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normativas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo a Administración contratante.

Será responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, excepto aqueles que, si é o caso, se indiquen nos pregos de prescricións técnicas.

Finalizado o contrato, o contratista asume o compromiso de continuar coa prestación dos servizos ata que o contrato sexa adxudicado a outro empresario, previa tramitación do correspondente expediente de contratación. A Administración comprométese o pago e mantemento do equilibrio económico do contrato durante o tempo que dure a situación anteriormente descrita.

O Concello de Corcubión, conta en plantilla con persoal destinado a execución de obras, entre as que se encontran algunha tarefa a desenvolver nas instalacións eléctricas municipais e alumeadado público, polo que se deberá informar a este persoal das tarefas que a empresa adxudicataria realice para evitar accidentes laborais, especialmente cando se desenvolvan dentro da xornada de traballo do persoal municipal, de 8 a 15 horas de luns a venres, e de 16:30 a 19:00 os mércores.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Revisión de Prezos

O prezo de este contrato poderá ser obxecto de revisión sempre e cando se execútanse , o menos, o 20% do seu importe, e transcorra un ano dende a súa formalización. A fórmula de revisión de prezos será o IPC.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Prazo de Garantía

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de un ano, contado desde a data de recepción ou conformidade do traballo. Durante este prazo a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado neste prego e no de prescricións técnicas. Unha vez transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar do contratista a súa emenda.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Modificación del Contrato

Deberase ter en conta que, de conformidade co artigo 105 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo dos supostos previstos na dita normativa para os casos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos do sector público só se poderán modificar cando así se previse nos pregos de condicións ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

Nos demais supostos, se for necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada, inicialmente deberase proceder á resolución do contrato en vigor e á subscripción doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, a normativa de contratación permite modificar os contratos do sector público:

1. Sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallasen de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que se poderá facer uso dela, así como o alcance e os límites das modificacións que se poden acordar con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato a que, como máximo, poidan afectar, e o procedemento que se debe seguir para isto.
2. As modificacións non previstas nos pregos ou no anuncio de licitación só se poderán efectuar cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:
 - Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
 - Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
 - Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
 - Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.
 - Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Resolución del Contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautaranse da garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, serán de aplicación o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e esta vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro

En Corcubión a 13 de xuño de 2016
O Alcalde

Manuel Insua Insua



Praza José Carrera, 1
15130 Corcubión (Galiza)
Tf: 981 745 400 Fax: 981 747 100
correo@corcubion.gal www.corcubion.gal